



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O pasado martes 30 de maio tivo lugar o acto de clausura da **I Edición do programa de aceleración Connecting for Good Galicia**, presidido polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria Francisco Conde, e anunciouse a **apertura da II edición**, á que xa se poden presentar candidaturas ata o vindeiro **2 de xullo**.

Este programa, impulsado pola **Fundación Vodafone** e a **Xunta de Galicia**, ten como finalidade **apoiar a emprendedores e pemes de recente creación**, cuxos proxectos de negocio contribúan á innovación social a través do impulso e uso das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia. Trátase, polo tanto, dunha iniciativa que, desde o ámbito social, completa o mapa da nosa **Rede galega de Aceleradoras**.

De entre os seis proxectos participantes na primeira edición: **Insulclock, Robobo, KeeperTech, Phottic, PsicoVR e Xesmar**, o xurado seleccionou como “**Mellor Proxecto**” da convocatoria polo seu carácter innovador, traballo en equipo, aproximación ao mercado e aproveitamento do programa, a **Robobo**, un **robot educativo** que combina unha plataforma robótica móbil cun smartphone para fomentar a dixitalización nas aulas. Este proxecto recibirá unha axuda de GAIN por importe de 25.000 euros e a opción a un préstamo participativo por parte de XesGalicia doutros 25.000 euros.

Ademais, a Fundación Vodafone España outorgou o “**Premio Conectados pola Accesibilidade**”, valorado en 10.000 euros, ao **proxecto Insulclock**, dispositivo electrónico que se axusta á pluma de insulina e almacena automaticamente toda a información relativa á súa administración.

Cómpre destacar o **emprendemento, a innovación e o valor engadido** para a nosa sociedade de todos os proxectos participantes, que recibiron un **diploma acreditativo e un patrocinio de 2.000 euros outorgado por GAIN**, tras completar o programa de formación e mentoring que se impartiu no espazo

“Vodafone Connecting for Good Galicia”no Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia.

Podedes obter máis información deste programa ou de calquera dos programas de aceleración da **Rede Galega de Aceleradoras** contactando connosco no enderezo electrónico servizos.gain@xunta.es.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

